



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS METALÚRXCOS DE GALICIA (ASIME) CO FIN DE ACOLLER BOLSEIROS/AS PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

En Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Juan Manuel Cividanes Roger, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J e domicilio no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra parte, D./D^a ***** en representación da Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (Asime), con CIF G36614774 e domicilio na Avenida Doutor Corbal - 51, 36207 Vigo, Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

EXPOÑEN

- 1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igape do 13 de abril de 2018 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.
- 2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 40 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.
3. - Que os posibles destinos dos bolseiros/as indicados nas bases son: oficinas do Igape e Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.
- 4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación de persoal especializado en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.
- 5.- Que, convido aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o Igape e Asime para a acollida dun bolseiro/a da convocatoria do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa no organismo de acollida é de 9 meses e, a data de comezo estímase durante o mes de xaneiro de 2020.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo Igape ao bolseiro/a, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a seguridade social. O Igape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incurra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O Igape asignará o bolseiro/a Asime tendo en conta a puntuación final obtida polo bolseiro/a na resolución definitiva, e as súas preferencias.

O Igape poderá substituír ao bolseiro/a no caso de renuncia do bolseiro/a anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

TERCEIRA.-

A colaboración de Asime consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación establecido por Asime, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) proposto(s) e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro/a dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao Igape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro/a de tarefas complementarias que o Igape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios,... aos que o bolseiro/a sexa convocado polo Igape, sendo neses casos por conta do Igape os gastos de desprazamento, que se aboarán directamente ao bolseiro/a como parte da dotación da bolsa.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro/a no plan de prevención de riscos de Asime, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O bolseiro/a deberá cumprir co réxime de ordenamento interno de Asime.
- Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.



CUARTA.-

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro/a deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario/a aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre Asime e o bolseiro/a.

QUINTA.-

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro/a a Asime. A súa duración será de 9 meses.

SEXTA.-

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do Igape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o Igape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-

Asime consinte expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.

NOVENA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas subsidiarias.



O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade asínase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo Igape:

Por Asime:

Asdo.: Juan Manuel Cividanes Roger

Asdo.: *****

ANEXO PLAN DE FORMACIÓN	
NOME TITOR BOLSEIRO/A:	*****
MERCADOS DE INTERESE:	Alemaña, Marrocos, Francia, Colombia, Estados Unidos, Holanda, Reino Unido, Noruega, Emiratos Árabes Unidos, Singapur, India, Australia, Cuba, Dinamarca, China, México, Malasia, Gracias, Italia
ACCIÓNS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2019/2020:	○ Participación Agrupada en el "Salón Halieutis 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Global Industrie 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Colombiamar 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Hannover Messe 2019" ○ Visita Agrupada a "OTC - Offshore Technology Conference 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Maritime Industry Evenementenhal Gorinchem 2019" ○ Visita Agrupada á feira "All-Energy 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Global Automotive Components and Suppliers" ○ Participación Agrupada na feira "Nor-Shipping 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Automechanika Dubai 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Paris Air Show 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Global Offshore Wind 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Tug, Salvage & OSV- ITS 2020" ○ Visita Agrupada á feira "SPE Offshore Europe 2019" ○ Participación Agrupada na feira "INMEX SMM India 2019" ○ Participación Agrupada na feira "Pacific 2019 Maritime Exposition" ○ Visita Agrupada á feira "AIRTEC 2019" ○ Participación Agrupada na "Feria Internacional de la Habana - FIHAV 2019" ○ Participación Agrupada na feira "Europort 2019" ○ Visita Agrupada á feira "WindEurope Offshore 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Marintec China 2019" ○ Visita Agrupada á feira "Automechanika Shanghai 2019" ○ Participación Agrupada na feira "Sapuraia 2019" ○ Participación Agrupada no "Salón International de la Sous-Traitance Automobile 2019" ○ Visita Agrupada á feira "OTC-Offshore Technology Conference 2020" ○ Misión Comercial Directa a Francia ○ Participación Agrupada na feira "Posidonia Atenas 2020" ○ Misión Comercial Inversa Sector Metalúrxico ○ Misión Comercial Inversa Offshore 2019 ○ Misión Comercial Inversa Aeronáutica, Italia



	○ Misión Comercial Inversa Metalúrxico, Cuba
PLAN DE TRABAJO E TAREFAS DO BOLSEIRO/A:	Apoio directo no departamento no plan de actuacións reflexado para o Departamento de Relacións Internacionais e Comercio Exterior da Asociación. Tarefas iniciais de apoio á directora do departamento e progresiva inclusión na organización e desenvolvemento nas actuacións previstas no plan de internacionalización.